

PEZA DO MES

novembro

2005



**RETRATO DE ALFREDO NAN
DE ALLARIZ**



RETRATO DE ALFREDO NAN DE ALLARIZ

O presente cadro, un óleo sobre lenzo de 83 x 64 cm, carece de sinatura, pero ten no reverso unha anotación manuscrita na que se le: “RETRATO DEL POETA GALLEGO ALFREDO NAN DE ALLARIZ A LOS 39 AÑOS. PINTADO EN MADRID EN EL MES DE MAYO, 1913, POR EL PINTOR GALLEGO FELIPE BELLO PIÑEIRO”, o que nos proporciona tanto o nome do seu autor como a data de realización. O seu ingreso no Museo produciuse no ano 1959, data na que é rexistrado por Ferro Couselo, co número 3.815, sen que lamentablemente faga constar máis datos que o seu título e autor. Curiosamente o número anterior do rexistro corresponde a outro retrato do poeta, realizado sobre unha paleta de pintor por Vicente Díaz González, polo que deducimos que ambas obras deberon ter unha procedencia común que descoñecemos.

Nan de Allariz é o pseudónimo do poeta e dramaturgo Alfredo Fernández, nado na vila ourensana da que toma o seu nome o 13 de maio de 1874 e falecido en Madrid en 1927. Emigrante na Habana, onde residiu a maior parte da súa vida, axiña entrou en estreito contacto coa intelectualidade da colonia galega e a súa intensa actividade societaria, sendo un dos entu-

siastas propulsores da creación da Real Academia Galega, da que chegou a ser “socio correspondente”.

Cen anos pasaron desde que o 1 de xuño de 1905 se constituíra na capital cubana a denominada “Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega”, de cuxa actividade dá cumprida conta o xornal Galicia da Habana, nunha época caracterizada por unha grande fecundidade literaria, artística e tamén patriótica, na que son constantes as publicacións relacionadas coa temática galega na prensa do momento, ao fin de manter a cultura galega como sinal identitaria. A *Asociación*, que axudaría economicamente ao sostemento da Academia na Coruña, parte da iniciativa do ferrolán José Fontenla Leal e contou na súa primeira directiva co poeta de Celanova, Manuel Curros Enríquez, como presidente e con Nan de Allariz como secretario.

Como poeta e autor teatral, Alfredo Nan, seguidor fiel das liñas estéticas e literarias do seu amigo Curros Enríquez, desenvolveu unha continua actividade, colaborando nos diversos medios xornalísticos da colectividade, fundamentalmente na revista *Galicia*, na que se poden ler numerosos artigos de temas populares e de protesta social.

A súa actividade literaria combina a produción poética (*Fume de palla*, 1909, prohibida polo arcebispo de Santiago polas súas composicións anticlericais; *A golpe de hacha*, 1913, en castelán...) cunha exitosa produción dramática de corte costumista, moi do gusto do momento, (*Recordos de un vello gaitero. Monólogo en verso galego*, 1904; *O zoqueiro de Vilaboa, Boceto de zarzuela gallega nun acto e tres cadros con música do autor*, 1907). No campo da narrativa, tamén fixo algunha incursión en castelán (*Del salón al sotabanco*, 1920).

Entre outros artigos en prensa dedicados a artistas do seu tempo, publica no *Noticiero de Vigo*, en 1909, un sobre o artista Felipe Bello Piñeiro. Á semblanza coa pluma sobre o pintor, corresponderá este poucos anos despois co retrato que hoxe comentamos.

Representa a Nan de Allariz de medio corpo, de pé e levemente ladeado, sobre un homoxéneo fondo neutro de entoación parda. O poeta, nunha pose non exenta de naturalidade, móstrase elegantemente ataviado, con traxe negro, gravata cun alfinete no nó e



NAN DE ALLARIZ POR VICENTE DÍAZ GONZÁLEZ

chistera, en actitude de sacar as luvas das mans e cun bastón colgando dun dos seus brazos. O predominio dos tons escuros fan resaltar, en intenso contraste, os puños e o colo branco da camisa, que asoman baixo a chaqueta. A luz, procedente do ángulo superior, incide diagonalmente na figura iluminando de modo máis intenso unha parte do rostro e orixinando efectistas destellos nalgúns detalles. Destaca o tratamento do rostro, ben caracterizado, coa boca pechada, un coidado bigote e a ollada franca dirixida cara ao espectador, transmitindo unha imaxe veraz do modelo.

Aínda que existe unha evidente desproporción entre cabeza e corpo, estamos ante un dos máis logrados retratos saídos do pincel de Felipe Bello Piñeiro, un artista do que, por outra parte, non son moitos os retratos conservados, e que se consideraba a si mesmo *“un fracasado como retratista”*.

A figura do pintor foi recuperada do esquecemento hai xa algúns anos por Andrés Mosquera Rodríguez, quen estudou a súa vida e produción artística.

Bello Piñeiro, naceu no Seixo (Mugardos, Ferrol) en 1886 e á temperá idade de 15 anos trasladouse a Madrid para estudar na Escuela de Bellas Artes de San Fernando, despois de ter pasado pola de Artes e Oficios de Ferrol, onde tivo como mestres aos pintores Vicente Díaz González e Eduardo de la Vega.

Desde o seu regreso definitivo a Galicia en 1917, e ata o final dos seus días en 1952, o seu principal interese e dedicación será a captación da paisaxe da ría de Ferrol, da que deixou numerosas mostras en óleos e acuarelas. Desde as súas primeiras paisaxes, influenciadas pola paisaxe realista inglesa, e máis tarde pola estética preciosista da estampa xaponesa, evoluciona cara a unha pintura construída coa mancha, na que son evidentes os ecos do impresionismo, para mostrar na produción da última época unha constante preocupación lumínica en paisaxes de ambientación nocturna ou naturezas solitarias nas que flúe un sentimento poético vinculable á súa desacougada existencia e á soidade e tristeza na que viviu os seus últimos anos, marcados pola súa adición ao alcohol.

Xunto a súa faceta de paisaxista hai que destacar a súa dedicación á pintura mural, experiencia na que se inicia xunto o seu mestre José Garnelo en Madrid, co que colaborou na decoración do palacete da Infanta Isabel “la Chata”, e que tería continuidade na decoración modernista da coñecida como “Pecera” ou Sala de Conversas do Casino Ferrolán e na Casa Agrelo de Viveiro.

Importantes son tamén outras achegas de Bello Piñeiro ao mundo da arte desde distintas perspectivas. Entre outras actividades participa activamente na organización de exposicións, como a Primeira Mostra de Pintura Rexional Galega que tivo lugar en Madrid en 1912; realiza o primeiro estudo histórico e a catalogación dos materiais da Real Fábrica de Sargadelos, entre 1918 e 1921; funda a Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, en 1927; e teoriza sobre aspectos diversos da arte galega, cuñando termos que se manteñen actualmente na historiografía como o de Xeración Doente, que el aplicou por primeira vez para falar daqueles pintores de finais do XIX, mortos en plena xuventude creadora que foron Parada Justel, Ovidio Murguía, Joaquín Vaamonde e Jenaro Carrero.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO